

Lembra

Un **texto** é unha unidade lingüística oral ou escrita que posúe sentido en función do contexto ou da situación en que se emite.

Organízase en parágrafos, que son conxuntos de enunciados que desenvolven unha idea e que se distinguen doutros polo uso do punto e á parte.



OS TEXTOS ARGUMENTATIVOS

Un **texto argumentativo** é aquel no cal se defende unha idea, chamada **tese**, e se achegan as razóns que a sustentan con outras ideas secundarias, coa opinión de expertos, con exemplos, con datos que a corroboran etc. O texto argumentativo pode ser **oral** ou **escrito**.

Características lingüísticas da argumentación

O trazo máis sobresaliente neste tipo de textos é a subxectividade. De aí que a súa linguaxe ofrezca características como estas:

- Predominio da **primeira persoa do singular**. Ás veces utilízase a do plural coa que o emisor se inclúe no grupo dos seus destinatarios.
- Elección das **palabras axeitadas** para deixar claras as nosas ideas e non dar lugar a ambigüidades.
- Uso de **marcadores do discurso**, que son as palabras que serven para enlazar unhas ideas con outras (*porque, dado que, posto que, xa que...*).
- O rexistro lingüístico debe ser **culto** ou **formal**, aínda que en certos casos se utilice algunha expresión coloquial para achegar o escrito ao lector.

Estrutura

Xeralmente, as partes en que se estrutura un texto argumentativo son:

- **Introdución ou formulación inicial**, onde se presenta o tema e, ás veces, aparece exposta a tese.
- **Desenvolvemento** da argumentación, no que se inclúen razóns, exemplos, argumentos de autoridade (opinións de persoas con prestixio), citas, datos fiables, consecuencias, causas, preguntas e respostas, enumeracións de casos concretos etc., que reforzarán a nosa tese.
- **Conclusión**, parágrafo final que resume a argumentación para reafirmar a tese que, en ocasións, se pode volver recordar.

A organización da argumentación pode facerse de maneira **dedutiva** (se se enuncia a tese ao principio), **indutiva** (se a tese se expón ao final), **encadrada** (se a tese se enuncia ao principio e se lembra tamén ao final) e **paralela** (se todas as ideas argumentadas teñen a mesma importancia).

Tipos de textos argumentativos

Os textos argumentativos poden difundirse de forma oral ou de forma escrita. Segundo esta clasificación, atoparemos os seguintes textos:

- **Argumentativos orais**: os debates, os faladoiros ou tertulias e os discursos.
- **Argumentativos escritos**: cómpre distinguir os textos xornalísticos: artigos de opinión, editoriais, columnas, cartas á dirección..., dos literarios: ensaios, cartas...; tamén podemos atopar partes ou secuencias argumentativas dentro dunha novela ou dunha obra de teatro.

Estrutura dedutiva

Estrutura indutiva

Estrutura encadrada

